

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 17 DE OUTUBRO DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras.

Favorábeis.-

492/04.- Soledad González Sánchez.- Derruba do muro central da edificación sita na Rúa de San Pedro núm.109 e substitución dos elementos en mal estado da estrutura de madeira existente.

727/05.- Construcciones Diansa, S.L.- Edificio (11 viv) na R/ Monte dos Postes.

4.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Acórdase a aprobación definitiva de dúas subvencións para vivendas do casco histórico (Consortio) que de seguido se detallan polo importe de 14.377,63 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Asunción Sexto López, en representación de Herederos de Amadeo García Cibeira, C.H.	R/ Virxe da Cerca, 23	12.325,81
Isabel Mato Casal, en representación da comunidade de propietarios	R/ Sar de Afora, 36	2.051,82

Acórdase a aprobación definitiva de unha subvención para locais do casco histórico (Consortio) que de seguido se detalla polo importe de 1.044 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Aurora Pérez Vidal	R/ Vilar, 85	1.044,00

5.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á adxudicación da Asistencia técnica para a realización dunha guía de implantación e mellora comercial.

Adjudícase a licitación de referencia á empresa Proxectos Consultoría e Formación SL por importe de 24.360 euros.

7.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á adxudicación das obras de arranxo no terreo de xogo do campo de fútbol de Marrozos.

Acórdase adjudicar as obras de arranxo no terreo de xogo do campo de fútbol de Marrozos polo importe de 9.647,72 euros.

8.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación dunha Asistencia técnico-xurídica para a determinación dos dereitos afectados polos expedientes municipais de aprobación de proxectos de reparcelación e compensación.

Apróbbase o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente para a citada contratación, cun tipo de licitación de 29.750,09 euros.

9.- Proposta do Concelleiro Delegado de Alumeado relativa á adxudicación das obras de instalación de alumeado público en diversos lugares do municipio.

Acórdase adjudicar as obras de instalación de alumeado público a adxudicación das obras de alumeado en Pardaces de Abaixo 20, Escarabuña 26, Fonte de Lermo, Urbanización Os Abetos, Vilar-Marantes 5, Silvouta 77, Cima da Eira, Ruela do Pereiro en Vidán, Angustia 15, Rúa Travesa, AAVV Campo das Escolas de Busto, AAVV Nova Xeira, de Figueiras, AAVV San Xoán de Fecha,

AAVV de Vidán, AAVV Coto da Nai en aríns e AAVV Lavacolla, á empresa Daviña SL por importe total de 29.526,30 euros.

10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo e Patrimonio relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do alleamento da parcela M4.C do SUP-6 de Santa Marta.

Apróbase un novo prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente, fixándose un prezo de alleamento mínimo da parcela en 2.033.106,30 euros.

11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación definitiva da modificación puntual da Reparcelación da OE-5 (Galeras-Universidade).

Apróbase a devandita modificación.

12.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle na área de servizo de Meixonfrío.

Apróbase inicialmente o Estudo de detalle na área de servizo de Meixonfrío.

13.- Proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do Proxecto de urbanización da OE-5 (Galeras-Universidade).

Apróbase definitivamente o devandito proxecto de urbanización.

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a USC relativo ao Campus Universitario.

Apróbase o devandito convenio.

URXENCIAS

-Proposta da concelleira Delegada de Limpeza en relación co expediente de adecuación, cláusula e selado do vertedoiro de RSU de Piñor.

Acórdase:

-Solicitar a adecuación, clausura e selado do vertedoiro de RSU de Piñor e o financiamento do 100% da actuación por parte da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel.

-O compromiso de posta a disposición de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras.

-A renuncia a reter da achega do Concello calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

-O compromiso de asumir o mantemento e conservación das obras unha vez recepcionadas e previa comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel.